



PROPOSTA DE SERVIZOS MÍNIMOS NA FOLGA CONVOCADA PARA O DÍA 23 DE SETEMBRO DE 2020

Artigo 1º **Centros docentes non universitarios de titularidade pública.**

- 1.1.- Para o persoal que desempeña o seu traballo no ámbito público da docencia non universitaria terán a consideración de servizos mínimos os seguintes:
- A persoa titular da dirección do centro educativo ou membro do equipo da dirección que o substitúa. Nos centros de menos de 6 unidades o/a director/a poderá ser substituído/a por un membro do equipo docente.
- Ademais dunha persoa da dirección, 1 profesor ou profesora por cada grupo de alumnos que teñan actividade lectiva prevista os días da folga.
- 1 subalterno ou subalterna en cada centro escolar.
- O 100% do persoal de cociña.
- O 100% do persoal auxiliar coidador/a nos centros que dispoñan de tal categoría de persoal.
- O 100% do persoal de limpeza en cada centro educativo.
- 1.2.- En todo caso quedará garantida a apertura e peche de todos os centros.
- 1.3.- A designación nominal do persoal que deberá cubrir os distintos servizos relacionados no apartado 1 deste artigo, será feita pola dirección do centro respectivo, procedéndose á súa publicación no taboleiro de anuncios do centro.
-

Artigo 2º **Centros docentes non universitarios de titularidade privada.**

- Nos centros docentes non universitarios de titularidade privada manteranse os servizos mínimos establecidos no artigo anterior para os centros docentes de titularidade pública.
-

Artigo 3º **Garantía dos usuarios.**

- Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, se deberán observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos establecementos docentes.